

TAMÉN A CHUVIA

A presente unidade didáctica sobre o filme *Tamén a chuvia* está realizada co obxectivo de que o profesorado poida traballar sobre el na aula, de maneira oral e con todos os alumnos e alumnas ao tempo, para que todos e todas compartan as diferentes opinións, experiencias, establezan debates etc. Pero ademais, engadimos unha pequena serie de preguntas para que traballen a película, xa de volta na clase e unha vez vista e comentada no cine, dende un punto de vista máis técnico.

Os profesores e profesoras, en función da diversidade do alumnado, poderán reformular algunhas preguntas ou ben eliminar ou engadir outras que consideren útiles. Neste caso, gustaríanos estar informadas dos cambios que se fagan, xa que isto pódenos axudar na elaboración de próximas unidades. Podedes enviar as modificacións ao seguinte enderezo de correo electrónico:

ofi.normalizacion@uvigo.org.



TAMÉN A CHUVIA

Un filme de Icíar Bollaín

ARGUMENTO

O filme está inspirado na guerra da Auga que ocorreu en Cochabamba, Bolivia, en abril de 2000.

Sebastián e Costa son dous cineastas que se propuxeron facer unha película sobre Cristovo Colón e o descubrimento de América. Namentres que Sebastián, o director, pretende desmitificar a figura de Colón, presentándoo como un home ambicioso e sen escrúpulos; a Costa, o produtor, só lle preocupa axustarse ao modesto orzamento de que dispoñen, razón pola cal elixe Bolivia, xa que é un dos países máis baratos e con maior poboación indíxena de Hispanoamérica.

A rodaxe sitúase en Cochabamba onde a privatización e venda da auga a unha multinacional sementa un malestar entre a poboación tan grande que fará estalar a tristemente famosa guerra boliviana da Auga.

Cincocentos anos despois da conquista de América, paus e pedras enfróntanse de novo ao aceiro e á pólvora dun exército moderno. Pero esta vez non se loita polo ouro, senón polo máis imprescindible dos elementos: a auga.



PREPARÁMONOS PARA VER A PELI!

Para responder algunhas das preguntas que propomos a continuación sería conveniente que o alumnado visitase a biblioteca e manexase algunha enciclopedia ou outros materiais de consulta cos que conte o centro e que asistise á sala de ordenadores para facer buscas na rede, sempre guiados polo profesorado.

ACTIVIDADES

Antes de comezar co argumento, sen que o alumnado coñeza nada do filme, propomos unha actividade inicial ligada ao fomento da imaxinación para achegarnos á película.

1. En primeiro lugar, escribe no encerado o título da película *Tamén a chuvia*. Déixalles uns minutos para reflexionaren e failles as seguintes preguntas: que vos suxire? Cal credes que é o argumento da película?

Aquí chegarán á conclusión de que a película xira ao redor da auga. O profesor ou profesora revelaralle que o filme está inspirado no que se chamou a guerra da Auga. Unha vez chegados a este punto xa están preparados para realizaren pescudas sobre este feito.

- Que foi a guerra da Auga? Onde tivo lugar? Cando sucedeu?

Investigade cales foron os feitos que deron lugar ao conflito.

RESPOSTA:

A guerra da Auga é o nome popular dunha serie de protestas que tiveron lugar en Cochabamba, a terceira cidade máis poboada de Bolivia, entre xaneiro e abril de 2000, como consecuencia da privatización do abastecemento municipal da auga. A empresa multinacional encargada do subministro de auga aumentara o prezo desta nalgúns casos en máis dun cento por cen.



2. Os bolivianos volveron saír á rúa, esta vez para protestar pola construción dunha estrada que atravesaría a rexión amazónica. Grazas as súas protestas conseguiron que o goberno paralizase o proxecto.

Buscade información sobre estes feitos e **debatédeos**.

3. Relacionado coa Amazonía, o político brasileiro Cristóvam Buarque, en resposta á pregunta dun ecoloxista estadounidense pronunciou un discurso sobre a internacionalización dese territorio. **Lede** o texto e **opinade** sobre o que nel se di.

TEXTO: http://www.portalbrasil.eti.br/reportagem_amazonia.htm

4. Volvendo á película, uns cineastas que van rodar un filme sobre a conquista de América pero dende un punto de vista crítico.

- Que sabedes deste descubrimento?

Descubrimento, conquista, colonización. Son tres conceptos aplicables a este feito pero considerados dende unha óptica diferente.

- Poderíades explicar as diferenzas?
- Que termo aplicaríades ao acontecemento de 1492? **Debate** sobre isto.

5. Como xa dixemos, en *Tamén a chuvia* estase rodando unha película. Mentres que os extras indíxenas bolivianos reciben un soldo de dous dólares diarios, o que apenas lles dá para subsistir, o equipo da rodaxe, español, goza dunha cómoda estadía, e os únicos problemas económicos aos que teñen que se enfrontar veñen derivados do custo da película.

Debate:

- Parécevos xusta esta situación? Por que credes que se producen estas diferenzas?
- Este tipo de explotación humana existe noutras partes do mundo?
- Que papel desenvolven as empresas multinacionais neste fenómeno?

6. Outro tema que aparece reflectido na película é a explotación de recursos naturais.

- Atendendo á súa posibilidade de obtención, que tipos de recursos naturais coñecedes? **Achegade** exemplos de cada un dos tipos.

RESPOSTA: esgotables (ou non renovables) como o carbón e o petróleo; e renovables como o vento e a auga.

7. Nun momento da película un dos protagonistas di a seguinte frase: “sen auga non hai vida”. Que deduces desta afirmación? **Reflexionade** sobre a importancia da auga como recurso vital.

8. Para a conservación do medio, ademais dun uso responsable dos recursos naturais, é moi importante facer unha correcta xestión dos residuos.

- Sabedes como se pode levar a cabo esa correcta xestión? Queredes unha pista?: **investigade** sobre o significado dos 3R.

RESPOSTA: reducir, reutilizar e reciclar.

- Reducir: hai que procurar reducir o volume de produtos que consumimos. Temos que pensar que para a súa fabricación se precisan materias primas que non podemos malgastar, como o petróleo e a auga. Tamén debemos ter en conta a cantidade de lixo que se xera polo exceso de envoltorios.
- Reutilizar: trátase de darlle o maior número de usos posibles aos obxectos co fin de producir menos lixo e gastar a menor cantidade posible de recursos en fabricar outros novos.
- Reciclar: consiste en fabricar novos produtos utilizando materiais obtidos doutros vellos. Se non é posible reducir o consumo de algo nin reutilizalo hai que intentar que, cando menos, sexa reciclable.

Xa faciades isto? Na vosa vida cotiá, que podedes reducir, reutilizar e reciclar? **Achegade** exemplos.

Debatede:

- Estadés de acordo co cobro das bolsas de plástico (ou outros materiais) nos supermercados?



9. A película transcorre en Bolivia.

- Poderíades situalo no mapa?
- Que linguas se falan en Bolivia?

RESPOSTA: quechua e español

- En que outras zonas se fala o quechua?

RESPOSTA: fálase na zona dos Andes, principalmente en Bolivia, Perú e Ecuador.

Investigade que outras linguas amerindias existen.

EXEMPLOS: náhuatl, guaraní, aimará, mapuche, cherokee...

10. Estas linguas influíron no galego deixándonos numerosas palabras. **Achegade** sete exemplos.

EXEMPLOS: tabaco, cacique, cacahuete, cigarro, tomate, cacao, ananás, hamaca...

- Como se chaman as palabras que tomamos prestadas doutros idiomas?

RESPOSTA: préstamos lingüísticos.

- Que outros xeitos hai para aumentar o léxico dunha lingua?

RESPOSTA: derivación, neoloxismos...

- Sabedes en que situación legal se atopan? E social?
- Gozan da mesma saúde que o español?

11. Con que outra realidade lingüística, máis preto de vós, relacionariades esta situación?

- Credes que é xusto o tratamento que se lle está a dar ao galego na actualidade?
- Que fariades para mellorar esta situación?



DESPOIS DO CINE...

Como explicamos ao comezo, propomos unha moi breve serie de preguntas pensadas para que, xa nun ambiente máis “familiar” e acabado de ver o filme, este se traballe dende un punto de vista técnico.

1. A que xénero credes que pertence o filme?

RESPOSTA: drama social, cine dentro do cine.

2. Nesta película preséntasenos dous mundos diferentes.

- Hai algunha relación entre eles?

RESPOSTA: establécese unha comparación entre os dous mundos.

- Que recurso se emprega para poñer de manifesto a vinculación entre as dúas épocas?

RESPOSTA: paralelismo.

- Que técnica emprega a directora do filme para establecer este paralelismo?

RESPOSTA: cine dentro do cine ou historias encaixadas.

3. Falamos agora de escenas...Segundo avanza a trama o paralelismo vaise volvendo máis evidente, ata o punto en que o encontro entre ambos os mundos visualízase por completo. Isto sucede contra o final da película.

- En que escena concreta?

RESPOSTA: escena na que veñen deter a Daniel despois de remataren a rodaxe.

- Antes desta, hai outras escenas nas que se aprecie a progresión da que falabamos?

EXEMPLO: escena na que o personaxe Juan, Antonio Montesinos na rodaxe da película de Colón, está na capela e pronuncia o seu discurso. Os bolivianos que arranxan os decorados escoitan abraiados as súas palabras.

4. Os personaxes principais da película van cambiando. Como é esa evolución? **Descríbea.**

RESPOSTA: prodúcese un cambio nos personaxes de Costa (o produtor) e Sebastián (o director), e mesmo no de Antón (Colón).

